

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
	IES SÁNCHEZ CANTÓN	PONTEVEDRA	2023-2024

Ensinanza

Currículo	Ensinanzas	Título	Grao	Réxime
Decreto 372/2003, do 16 de setembro	DEPORTIVAS (RÉXIME ESPECIAL)	TÉCNICO DEPORTIVO EN FÚTBOL 1º NIVEL (455 h)	MEDIO	PRESENCIAL

Módulo profesional

Código	Nome	Curso	Trimestre	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
BE5	Regras de xogo	N1	1º	2	20	24

Profesorado responsable

Elaboración	GABRIEL PITA PATIÑO
Impartición	GABRIEL PITA PATIÑO

2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Decreto 353/2003, de 11 de setembro, por el que se establece el currículo de la especialidad deportiva de grado medio correspondiente al título de técnico deportivo en fútbol.

Capacidades terminales y criterios de avaliación:

1. **Analizar** las **medidas** y las **características reglamentarias** de los elementos que intervienen en el **desarrollo** del juego del **fútbol**.
 - 1.1. Desarrollar e ilustrar mediante gráficos elementos que intervienen en el desarrollo del juego del fútbol: terreno de juego, balón, jugadores, etc.
 - 1.2. Describir la evolución de reglas de juego en los últimos años
2. **Interpretar** y **aplicar** las **normas básicas** del **reglamento** del fútbol.
 - 2.1. Interpretar los gestos y las indicaciones del árbitro y dos árbitros asistentes.
 - 2.2. Explicar y justificar las situaciones arbitrales en función de la aplicación de las reglas de juego.
 - 2.3. Aplicar las reglas del juego al desarrollo de un partido de fútbol.

Contidos

1. **Las reglas de juego**
 - Origen histórico de las reglas de juego y de la IFAB
 - El reglamento de la IFAB: Las 17 reglas del fútbol
 - El reglamento del fútbol 8
2. **Ilustración gráfica de los elementos de juego**
 - Representación del terreno de juego y sus líneas, jugadores, movimientos de jugadores...
3. **Interpretación de las principales normas reglamentarias del fútbol en situaciones de juego**
 - Aplicación de las reglas de juego en un partido: interpretación y análisis de los gestos arbitrales, situaciones arbitrales especiales, justificación de la aplicación de las reglas, etc.

3. **Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

UD	Título	Descrición	Duración (sesións)
0	Presentación	- Presentación y actividades iniciales	4
1	Las reglas de juego Origen e historia	- Repaso histórico del fútbol - Repaso histórico del reglamento	5
2	Las 17 reglas de juego (futbol 8)	- Observaciones y adaptaciones de las reglas de juego - Las 17 Reglas - La aplicación de las reglas al fútbol 8 - Cambios en las reglas - El árbitro: posicionamiento, lenguaje corporal	15
TOTAL			24

4. Metodoloxía

É preciso que os alumnos adquiren unha aprendizaxe significativa, é dicir, unha aprendizaxe duradeira, sólida e útil (aplicable a situacións reais). Para iso, seguiranse as seguintes liñas metodolóxicas clave:

1. A elección das estratexias metodolóxicas para cada unidade didáctica realizarase en base á evidencia científica, os obxectivos e competencias a desenvolver, os criterios a avaliar e contidos que imos impartir.
2. Estableceremos propostas pedagóxicas baseadas na atención á diversidade e a coeducación, fomentando o acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, fomentando o desenvolvemento das intelixencias múltiples (Gardner, 1995): cinestésica, espacial, interpersoal, lóxica, etc.
3. Utilizaremos métodos de ensino-aprendizaxe especialmente activos e participativos, conectando o novo co anterior para lograr unha aprendizaxe significativa.
4. Salientaremos o enfoque multidisciplinar do ensino, traballando en equipo co resto dos docentes (colaboracións, interdisciplinarietàad, actividades complementarias).
5. Promoverase a integración e o uso das TIC na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas. Implementaremos o modelo flipped class, a través de Moodle, para aumentar o tempo de práctica motriz na sesión.
6. Diseñarase actividades de aprendizaxe integradas que permitan desenvolver varias competencias e traballar varios contidos ao mesmo tempo
7. As actividades buscarán incrementar a percepción de competencia (desexo de interactuar de forma eficaz co ambiente), autonomía (desexo de elección e o sentimento de ser o/a responsable das accións que se realizan) e relación cos demais (o desexo de sentirse conectado e respectado cos demais). O resultado será un maior benestar persoal e a motivación intrínseca para a práctica (Teoría da Autodeterminación: Deci & Ryan, 2008).
8. Fomentarase climas de aula que favorezan as orientacións motivacionais cara á tarefa, onde o éxito defínese como a mellora da competencia persoal e a valoración subxectiva do propio progreso, en lugar de definir o éxito simplemente como “superar a outros”.
9. Fomentarase, a través das actividades, as relacións interpersoais, o respecto aos demais, a igualdade de xénero, resolución de conflitos, e demais elementos transversais.

Para levar a cabo estes principios é preciso describir os **estilos de ensino** que se van a utilizar:

Estes serán fundamentalmente, estilos que fomentan a **implicación cognitiva** do alumnado e a súa participación activa (resolución de problemas e descubrimento guiado), os tradicionais (asignación de tarefas),

En canto ás **actividades**, é preciso desenvolver unha gran variedade para atender a todas as características, capacidades e necesidades dos alumnos. As actividades principais serán:

- Sesións de explicación teórica con presentación en Power Point
- Explicacións ampliadas a través do visionado de vídeos
- Debates/preguntas-respostas co alumnado acerca dos contidos explicados
- Actividaes/Tarefas de aula do alumnado sobre os contidos da materia
- Resumos/receións e análise crítico sobre os contidos da materia
- Actividades de carácter práctico cando proceda polos contidos impartidos

Adoptarei diferentes formas de agrupamento, atendendo aos contidos a traballar e aos obxectivos a alcanzar, con traballo individual, en parella, grupos reducidos e gran grupo.

Así pois, nunha mesma sesión combinaremos diferentes **tipos de actividades** que permitan que o alumno alcance unha aprendizaxe significativa.

En cada unidade diáctica, a organización seguirá a seguinte estrutura de actividades:

1. Actividades de diagnóstico (permiten coñecer o punto de partida dos alumnos/as)
2. Actividades de introdución ou motivación (incitan ao alumno/á a práctica)
3. Actividades de desenvolvemento e aprendizaxe (garanten a adquisición das aprendizaxes)
4. Actividades de consolidación (práctica de aspectos apresos aínda que con inestabilidade nos resultados de execución)
5. Actividades de reforzo (resaltan aspectos da tarefa especialmente relevantes)
6. Actividades de resumo (integran varias tarefas de desenvolvemento e aprendizaxe)
7. Actividades de recuperación-ampliación (permiten atender a posibles alumnos/as con ritmos de aprendizaxes máis lentas ou rápidos)
8. Actividades de avaliación (posibilitan valorar o nivel que ten o alumno).

5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Realizárase unha “avaliación auténtica” (López-Pastor e Pérez-Pueyo, 2017), baseada en:

1. A avaliación como un elemento de mellora do proceso de ensino aprendizaxe.
2. Variedade de procedementos e instrumentos, avaliando diferentes competencias en situacións que sexan o máis transferibles posibles á vida real.
3. Aplicar unha avaliación inicial e valorar a progresión do alumnado respecto a a mesma
4. Centrar a avaliación en calidade do proceso aplicando avaliación continua e formative
5. Implicación do alumnado no proceso a través da autoavaliación e coevaluación.
6. Información anticipada ao alumnado sobre procedementos, criterios e mínimos esixibles.
7. Medidas de reforzo durante o proceso, especialmente en ACNEAE e con NEE.
8. Diferenciar avaliación de cualificación, debido a que para cualificar hai que avaliar, pero pódese avaliar sen ter que outorgar unha nota (avaliación formativa).

Avaliación inicial

Ademais das avaliacións iniciais elaboradas polo titor, no caso da nosa materia, en cada unidade didáctica, expomos situacións de avaliación inicial a través de: preguntas ao alumnado, cuestionarios de coñecementos previos, ou aplicación de tarefas de orientación diagnóstica durante a primeira sesión das mesmas.

O obxectivo é adaptar o grao de esixencia das tarefas e planificar medidas de atención á diversidade.

Aspectos xerais da avaliación do módulo:

- Os alumnos/as teñen dereito a que o seu rendemento escolar se avalíe con plena obxectividade.
- O proceso de avaliación será continuo o longo de todo o proceso formativo.
- Permitirase ata un máximo de faltas a clase para manter o dereito a avaliación continua (20 %).
- No momento que un/a alumno/a acade faltas de asistencia a clase dun 10%, apercibiráselle coa advertencia de que no momento que acade o 20% de faltas perderá automaticamente o seu dereito á avaliación continua.
- A solicitude e documentación para a xustificación das faltas de asistencia deberán presentarse por escrito ó profesor por adiantado ou cun prazo máximo de 5 días hábiles a contar dende o día que produciuse a inasistencia a clase.
- O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar as probas de avaliación en convocatoria ordinaria e extraordinaria.
- O alumno/a que esgotara as catro convocatorias máximas poderá solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha convocatoria mais extraordinaria, sempre e cando se atope e xustifique documentalmente calquera das circunstancias que contempla a lexislación vixente (Doenza prolongada propia ou familiar, discapacidade, violencia de xénero ou circunstancia que condicione ou impida o desenvolvemento ordinario de estudos).

Aspectos específicos da avaliación, procedementos e mínimos esixibles

A nota final do alumno será o resultado das diferentes cualificacións obtidas a longo do curso, nas probas destinadas a dito fin. Poderán darse 2 supostos para a avaliación, en función da asistencia ou non do alumnado á clase.

No suposto 1, o alumnado que asista a clase regularmente, e non supere o 20% de faltas de asistencia, computará dentro da **avaliación continua**, que no caso deste módulo será avaliada a través de:

- Probas escritas = **60%**
- Tarefas de aula, traballos de síntese, esquemas, resumos... = **40%**

*Para poder superar o módulo, é necesario que a nota final de ambos conceptos (probas e tarefas) sexa **igual ou maior** que 5 puntos sobre 10.*

Asimesmo, para poder sumar o valor ponderado de cada parte, deberase acadar un 50% do valor máximo de cada apartado, isto é, un 5 sobre 10 na calificación das probas escritas así como na media final obtida a través das entregas dos diferentes traballos, tarefas, esquemas, etc.

No suposto 2, o alumnado que supere o 20% de faltas e conorra na perda de dereito á avaliación continua, será avaliada a través de:

- Proba escrita final = 100%

Para poder superar o módulo, é necesario que a nota final da proba sexa **igual ou maior** que 5 puntos sobre 10.

Referentes para avaliación e criterios de cualificación

- Os referentes que se utilizarán para a elaboración das probas escritas e configurarán a elección dos diferentes traballos e tarefas, serán os denominados “**criterios de avaliación**” dentro do decreto de referencia de estas ensinanzas.
- Como criterio, establecéronse 5 niveis de dominio por cada criterio de avaliación (sobresaliente: domínase á perfección, notable: domínase na maioría das situacións, ben: domínase en situacións sinxelas, suficiente: domínase de forma básica, insuficiente: non se domina).
- Estes niveis de dominio, avaliados con diferentes procedementos e instrumentos, outórganse segundo o nivel de rendemento mostrado polo alumno en cada proba ou traballo realizado.
- Segundo o dominio amosado para cada criterio, recibirá una calificación, da cal se extrae a nota final do alumno, de 0-10.
- Como instrumentos utilizaranse: **probas escritas** (tipo test, curta ou desenvolvemento), **traballos de síntese/resumo**, **tarefas teórico-prácticas sobre os contidos e análise de vídeos**.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.1 Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Durante o curso poderanse facer conforme o horario elaborado pola xefatura de estudos actividades de apoio, recuperación e avaliación para aqueles alumnos/as que non acadaran unha avaliación positiva na avaliación final do módulo.
2. As actividades de recuperación e apoio definiranse conforme os resultados obtidos polos alumnos/as na avaliación anterior e centraranse de xeito concreto nos erros e as dificultades mostradas.
3. O marxe do tratamento específico destas actividades manterase un enfoque global e integrador dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos do módulo.
4. Aplicarase unha metodoloxía baseada na resolución de problemas, a investigación e o aprendizaxe práctico, coa realización de actividades expositivas, actividades guiadas, actividades que estimulen o aprendizaxe autónomo, autorregulado e co emprego de TIC.
5. Se fose necesario o comezo do período de actividades faríase unha proba de diagnose complementaria para determinar con maior precisión as necesidades de aprendizaxe dos alumnos/as.

6.2 Procedemento para definir a proba de avaliación na convocatoria ordinaria e extraordinaria

1. O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar probas de avaliación nunha convocatoria ordinaria e outra extraordinaria.
2. As probas das convocatorias ordinaria e extraordinaria deberán medir de xeito mínimo as capacidades terminais elementais asociadas á unidade de competencia asociada o módulo.
3. As probas poderán conter preguntas tipo test, de resposta curta e/ou preguntas de resposta múltiple e/ou resolución de supostos prácticos. Para obter avaliación positiva na mesma o alumno/a deberá ter unha puntuación mínima de 5 nunha escala de 0 - 10.

6.3 Procedemento para a recuperación de contidos co alumnado que se matricula de xeito tardío no módulo

A continuación manifestanse unha serie de medidas a aplicar no contexto das Ensinanzas Deportivas de Réxime Especial e o ciclo de Técnico Deportivo en Fútbol nivel 1 co gallo de facilitar o alumnado matriculado fora do prazo o acceso ó currículo e a incorporación dos contidos ata a data da matrícula definitiva:

- Envío vía correo electrónico dos apuntamentos dos contidos tratados nos módulos.
- Envío vía correo electrónico das tarefas/actividades a desenvolver polo alumnado. A entrega das mesmas e avaliación NON se pode reliazar ata a formalización da matrícula definitiva.
- Titorías individuais virtuais vía WEBEX para a explicación dos contidos tratados previa formalización da matrícula.
- Titorías Individuais presenciais no tempo de lecer unha vez formalizada a matrícula e incorporado o alumnado as actividades lectivas.
- Utilización das 30 horas a disposición do centro para reforzo dos contidos desenvoltos previamente a incorporación do alumnado ás actividades lectivas.
- Calendario de actividades lectivas entre as convocatorias final de módulo e final de ciclo co gallo de reforzar os módulos a avaliar na convocatoria final de ciclo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

1. Faranse reunións de departamento periódicas para o seguimento da programación didáctica do módulo.
2. Na reunión farase unha valoración xeral das actividades de ensino – aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía empregada, os resultados de avaliación obtidos e as oportunas medidas de axuste que se propoñen para a mellora da práctica docente.
3. Ó longo do curso, levarase un seguimento por parte do docente do cronograma que se propón para cada unidade, vendo o axuste de tempo real respecto o planificado en canto o número de sesión adicadas a cada contido, valorando tamén posibles adaptacións que xurdan ou melloras de cara ó curso seguinte.
4. O remate do curso e con anterioridade ó 30 de xuño, farase unha memoria cos datos xerais do curso e unha relación propostas concretas e xustificadas de mellora para o vindeiro curso, especialmente no que afecta as instalacións, os recursos, as actividades, a metodoloxía, a avaliación e a temporalización dos contidos.

8. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade configura o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais do alumnado, co obxectivo de garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado. Estas medidas buscarán o maior beneficio para cada alumno, como establece o artigo 3.1 da Convención sobre os dereitos do neno (ONU, 1989).

Seguíronse na súa elaboración as indicacións do Decreto 229/2011 e a Orde do 8 de setembro de 2021, así como as recomendacións dos protocolos elaborados pola Consellería de Educación para a atención a ACNEAE e ANEE.

Realizaranse avaliacións iniciais propias e participarase nas propostas derivadas da avaliación do alumnado por parte do titor e o departamento de orientación. Por tanto, fomentarémonos a colaboración e coordinación pedagóxica, seguindo o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PAD) do centro, cooperando co titor do grupo e o departamento de orientación nas actuacións de axuste para os procesos de ensino e aprendizaxe. A nivel particular, exporemos adaptacións metodolóxicas que promovan a inclusión, solidariedade, traballo en equipo, respecto e convivencia (aprendizaxe e retos cooperativos, proxectos grupais, etc).

A nivel xeral, podemos clasificar ao noso alumnado en 3 grupos: aquel que segue o ritmo de aprendizaxe prevista, os que van a un ritmo menor (actividades de reforzo) e os que van a un ritmo máis rápido (actividades de ampliación).

Para atendelos, créanse medidas de atención á diversidade (MAD), de tipo ordinario, é dicir, sen alteración significativa dos elementos do currículo.

No contexto específico do noso grupo, non contamos con ACNEAE e ANEE, e non será necesaria a adopción de medidas extraordinarias e/o adaptacións curriculares significativas.

8.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial

1. TEMPORALIZACIÓN: A xuntanza de avaliación inicial farase despois de un mes a partir do comezo do curso.
2. OBXECTIVOS:
 - a) Coñecer as características, capacidades e formación previa dos alumnos/as.
 - b) Orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
3. METODOLOXÍA:
 1. O titor/a do curso aportará información relevante sobre aspectos que incidan no proceso educativo dos alumnos/as. Entre outras fontes, a información poderá obterse de :
 - a) Os informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
 - b) Os estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
 - c) O alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
 - d) Os informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
 - e) A experiencia profesional previa.
 - f) A matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
 - g) A observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
 2. O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilizan na duración das ensinanzas.
 3. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

1. No caso de alumnos/as con necesidades educativas especiais:
 - a) Adaptación das condicións de accesibilidade ó centro.
 - b) Adaptación dos recursos de apoio.
 - c) Flexibilizan para cursar o módulo cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral (require autorización administrativa).
2. No caso de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe:
 - a) Actividades de reforzo individualizadas.
 - b) Favorecer un método de aprendizaxe baseado na práctica, experiencia e investigación a partir de intereses dos alumnos/as, estudos de caso e o emprego de recursos TIC.
 - c) Deseño de probas de avaliación en coherencia cos métodos propostos.

9. Aspectos transversais

9.1 Actividades complementarias e extraescolares

- No se teñen, a inicio do curso planificadas actividades complementarias e/ou extraescolares, pero poden ter cabida á proposta do departamento o longo do ano, unha vez aprobadas polo centro.

10. Bibliografía recomendada